

O SANTUARIO DA NOSA SEÑORA DE LLAN (O FREIXO, A FONSAGRADA) E OUTROS SANTUARIOS DESTE CONCELLO.

AUTOR: José Manuel BLANCO PRADO.

[Artigo publicado en Croa, Boletín da Asociación de Amigos do Museo do Castro de Viladonga, nº 8, 1998, Depósito Legal: L-92-91..., páx. 72-77] Traducido ao galego polo autor.

O santuario é un lugar de culto, representado por unha ermida, capela ou igrexa parroquial, ó que acoden devotos pertencentes a distintas comunidades cunha dobre finalidade:

1ª. Os máis deles veñen por cumprir unha serie de promesas feitas á imaxe sagrada, despois de que lles concedeu os pedimentos requeridos.

2ª. Outros veñen pregar da imaxe peticións de índole espiritual e material.

"Los santuarios son percibidos como espacios sagrados, de los cuales irradia la salud material o espiritual, y a los que se acude de forma individual o colectiva" ⁱ.

I. A LOCALIZACIÓN DO SANTUARIO.

O santuario está situado no lugar de Ferreira, pertencente á freguesía do S. Xiao de Freixo, concello e arciprestado da Fonsagrada, diócese de Lugo.


Dista arredor duns vintecinco km. da capital do concello e corenta e dous da capital provincial.

Para chegarmos ó recinto sagrado temos que coller en Lugo a estrada comarcal seiscentas trinta, que comunica Lugo-Fonsagrada e Asturias e, preto de Paradavella, tomamos á dereita unha estrada local que nos leva a un lugar moi cercano ó santuario.

II. AS CARACTERÍSTICAS ARTÍSTICAS.

Este santuario é unha ermida, de nave e presbiterio máis elevado. Posúe un retábulo de estrías helicoidais coas tallas da Nosa Señora de LLan co neno, S. Ramón e S. Lourenzo. Ademais ten un cáliz de prata do século dezaoto ⁱⁱ.

LOCALIZACIÓN DO CONCELLO DA FONSAGRADA
NO MAPA DE GALICIA



III. A LENDA SOBRE A ORIXE DO SANTUARIO.

Dícese "que a Virxe apareceuse alá abaixo ó lado da fonte e que os veciños da zona construíronlle unha capela, enriba da fonte, nun lugar máis llano"ⁱⁱⁱ. Esta lenda tenta



reflectir probablemente a cristianización dun antigo culto pagán dedicado á auga da fonte. "...As ermidas santifican as augas e os romeiros teñen que beber en fontes miragrosas"^{iv}. "Son tantas estas augas santas, que non hai remedio senón convir en que se debe tratar dunha tendencia

Vista exterior do santuario

ancestral moi fonda do noso pobo, a da veneración das fontes, e que o seu culto debeu ser dos principás nos tempos da paganía..."^v.

As lendas de aparición de imaxes son a xustificación dun lugar de culto e un contido da crenza do que a comunidade faise cargo.

IV. A FESTIVIDADE E A PROCEDENCIA DOS DEVOTOS.

A celebración festiva ten lugar no mes de maio, o día da Ascensión. Acoden devotos preferentemente dos concellos da Fonsagrada, Navia de Suarna, Baleira, Neira de Jusá e Becerreá.

O día trinta e un de agosto, festividade do S. Ramón, celébrase tamén unha misa solemne nesta capela, á que asisten algúns devotos do santo na procura dos seus favores.

V. AS PETICIÓNS.

Os devotos pregan á Virxe a súa intercesión por doenzas humanas e de animais domésticos. Tamén se encomendan ó S. Ramón polos nenos que van nacer. "*Veñen algúns devotos pra que a Virxen lles cure enfermidades dos ollos; tamén veñen pola cabaña animal*"^{vi}.

VI. AS PROMESAS.

A promesa é a unidade básica de relación entre a persoa e a imaxe sagrada para resolver unha serie de problemas (é a promesa).

Normalmente, esta promesa consiste nun contacto directo e sagrado de forza moral entre a persoa e Deus, a través de Cristo ou dunha serie de mediadores como son as distintas advocacións da Virxe e os santos. "Pra chegar con máis seguridades a ese Deus, non sempre persoal, o galego bota man dos santos e da Virxen" ^{vii}.

Neste santuario podemos distinguir tres modos de interacción entre os devotos e a Virxe.

1º.- En xeral, a promesa é condicional, é dicir primeiramente a Virxe concédelles as peticións ós devotos e logo estes cumpren as distintas promesas. Trátase dun cumprimento "**a posteriori**", que recibe o nome de "**Petición condicional**" ^{viii}. "*A visita ó santo é unha expresión sincera do pensamento da persoa e unha maneira de alcanzar un límite óptimo de posibilidades, que unha vez conseguidas, hai que rematar cun acto de agradecemento*" ^{ix}.

2º.- Algúns devotos veñen pregar a intercesión da Virxe ante calquera dificultade, levando a cabo unha serie de rituais e ofrendas. Neste caso, os distintos rituais e ofrendas realízanse antes de que lles sexa outorgada a petición. Este tipo de promesa recibe o nome de "**Ofrenda propiciatoria**" ^x.

3º.- Uns poucos devotos acoden tódolos anos ó santuario por algunha petición concedida anteriormente pola Virxe.



A imaxe de Llán

As promesas máis frecuentes que se levan a cabo neste santuario son as seguintes:

A.- O CUMPRIMENTO DOS DIFERENTES RITUAIS VINCULADOS Ó RECINTO SAGRADO, QUE SEGUNDO O GRAO DE PARTICIPACIÓN DEVOTOS TEÑEN UN CARÁCTER COLECTIVO OU INDIVIDUAL.

1. OS RITUAIS COLECTIVOS.

1.1. A CELEBRACIÓN DE MISAS.

Hai anos, no día da Ascensión, oficiábanse misas dende o mediodía ata as dúas da tarde. Na actualidade algúns cregos de freguesías limítrofes concelebran unha misa solemne á unha e media da tarde.

O día trinta e un de agosto, festividade do S. Ramón, tamén se oficia unha misa no santuario.

1.2. O RITUAL DA PROCESIÓN.

Logo da misa solemne, sae a procesión que percorre o perímetro do santuario. Nela participan as imaxes da Virxe de Llan e do S. Ramón, que son levadas en andas por devotos de ámbolos dous sexos, pertencentes á parroquia. Ás veces, algún devoto ou devota vai, de xeonllos, baixo as andas da imaxe da Virxe.

Tanto a cruz parroquial como as imaxes da Virxe de Llan e do S. Ramón santifican o espacio que percorren e proporcionan unha enerxía positiva a tódolos seres, tanto persoas como animais, que se encontran nese lugar. *"Dando una vuelta alrededor del santuario, la imágen santa o la reliquia sacralizan no sólo a las personas y a los animales, sino también a todo el entorno geográfico"* ^{xi}.

2. OS RITUAIS DE CARÁCTER INDIVIDUAL.

2.1. O RITUAL DE IR ANDANDO Ó SANTUARIO.

Antano moitos devotos viñan ó santuario andando dende cadanseu lugar de orixe. Na actualidade, aínda que os máis fan a viaxe en coches particulares, segue habendo algunha pervivencia deste ritual. Por outra banda, hai un pequeno tramo que hai que facelo a pé, xa que a estrada local non chega ata o mesmo santuario.

2.2. O RITUAL DA CIRCUNVALACIÓN.

Ó chegar ó santuario, algúns devotos dan unha volta ou máis ó redor do mesmo, de pé ou de xeonllos. Nas súas mans portan exvotos de cera que representan a diferentes animais domésticos: cochos e vacas preferentemente; tamén adoitan levar exvotos que simbolizan o corpo humano e partes do mesmo: pernas, brazos, mans, pés...

2.3. OS RITUAIS DE CONTACTO.

Tódolos devotos teñen o desexo de contactar coas imaxes do santuario, xa que o sagrado proxecta a súa cualidade, sacraliza.

Entre os rituais de contacto máis habituais sinalo os seguintes:

2.3.1. O RITUAL DE POÑE-LO SANTO.

Un fregués da parroquia pasa unha imaxe pequena da Virxe por riba da cabeza dos devotos, mentres recita unha xaculatoria.

2.3.2. O RITUAL DE CONTACTO ACTIVO COA IMAXE ESTÁTICA.

Algúns devotos tocan o manto da Virxe cos seus panos e logo pásanos pola cara e outras partes do corpo cunha finalidade profiláctica e curativa.

2.3.3. OS RITUAIS Ó CARÓN DA FONTE.

Preto do santuario hai unha fonte, onde acoden abondos devotos a beber a súa auga ou collela e levala canda eles para as súas casas cunha finalidade preventiva e curativa.

Algúns devotos realizan un ritual que consta de dúas partes:

1ª.- Lavan cuns panos aquelas partes doentes dos seus corpos, preferentemente os ollos. *"En si mismos, la fuente o el río son una manifestación del poder, de la vida, de la perennidad...La fuente o el río revelan incesantemente su peculiar fuerza sagrada"* ^{xii}. *"El contacto con el agua implica siempre una regeneración no sólo porque la disolución va seguida de un nuevo nacimiento, sino también porque la inmersión fertiliza y multiplica el potencial de vida"* ^{xiii}.

2ª.- Logo deixan quedar os panos colgados nos ramallos dunhas árbores que hai ó carón da fonte. Hai a crenza de que axiña que os panos vaian podrecendo as doenzas das persoas irán desaparecendo. *"A unos trescientos metros abajo del santuario está una fuente, a donde van el día de la fiesta muchos devotos a beber agua, la llevan en botellas para sus casas y lavan algunas partes del cuerpo, sobre todo los ojos, supongo será con el fin de verse curados. También pueden verse alrededor de la fuente trocitos de paños colgados, no sé su fin"* ^{xiv}. *"Como noutros moitos santuarios, os devotos que se lavan o día da Magdalena na fonte da igrexa de Ribasieira (Porto do Son), deixan nas silveiras os panos con que se enxugan pensando que deste xeito queda neles a enfermidade"* ^{xv}. Esta

segunda fase do ritual simboliza a expulsión do estado da enfermidade e a paulatina recuperación do estado de saúde. Polo tanto o que se está levando a cabo con este ritual é imitar dun xeito deliberado aquilo que se pretende acadar.

"Es frecuente que los ritos consistan en una imitación de los efectos que la gente desea producir" ^{xvi}.

B.- ADEMAIS DESTES RITUAIS DESCRITOS, OS DEVOTOS LEVAN A CABO TODAS OU ALGUNHAS DAS SEGUINTES OFRENDAS:

1ª. O crego da freguesía, á que pertence o santuario, encárgase de oficiar algunhas misas no transcurso do ano.

2ª. A esmola en metálico lévana a cabo ó poñer o santo, e na misa que se celebra no santuario.

3ª. As candeas, que se colocan nun lampadario, que hai na parte esquerda interior do recinto sagrado.

4ª. Os exvotos de cera, que representan unha serie de animais: vacas e cochos preferentemente, así como o corpo humano e algunhas das súas partes: pernas, brazos, mans, pés...Estes exvotos son levados ó santuario polos devotos en testemuña do seu agradecemento á influencia benéfica que a Virxe tivo na cura das doenzas humanas e animais, ou para pregar a súa protección no curso da vida.



Lampadario antigo



No museo de Pontevedra hai unha serie de terracotas procedentes do santuario itálico de Calvi, situado na Campania. Neste santuario dedicáronselles moitos exvotos ós deuses itálicos durante varios séculos Destacan as cabezas de homes e mulleres, algúns animais: vacas e cochos. A maioría destas terracotas, feitas con molde, foron policromadas, sendo interesante comprobar a súa semellanza cos exvotos de cera que aínda se ofrecen en bastantes santuarios ^{xvii}.

5ª.- Hai anos, os devotos ofrecían produtos do cocho: dentes, linguas, unllas... que eran poxados, ó remataren os oficios relixiosos.



Confesionario antigo

CONCELLO DA FONSAGRADA



+++

No concello da Fonsagrada hai outros santuarios, sinalando, entre outros, os seguintes:

I. O SANTUARIO DA VIRXE DA PASTORIÑA.

Está situado no lugar de Lentomil, pertencente á parroquia da Sta. María de Carballido. A súa festividade celébrase o luns de Pascua.

Os devotos acoden ó santuario a pregarlle á Virxe polos animais domésticos, preferentemente o gando porcino.

Entre as promesas máis específicas sinalo as seguintes:

1ª. O luns de Pascua ofíciense misas dende as dez da mañá ata a unha da tarde.

2ª. Despois da misa solemne, sae en procesión a Virxe da Pastoriña, levada en andas por mulleres da parroquia.

3ª. A esmola en metálico, que é a ofrenda máis usual.

4ª. Algunhas misas, que o crego, encargado do santuario, oficia logo no transcurso do ano.

5ª. Algunhas partes do cocho: linguas, lacóns, unllas..., que son poxadas por un fregués, en rematando os oficios relixiosos. O encargado da poxa pon un prezo de saída polo produto que se vai poxar e, a partir del, as distintas persoas que participan no ritual van ofrecendo distintas cantidades máis e máis altas, obtendo o produto a persoa que fixo a derradeira oferta. Este proceso continúa con tódolos demais produtos que se sacan "a poxa" ^{xviii}.

II. O SANTUARIO DO S. BENITO.

Está emprazado na parroquia do S. Pedro de Neiro. A súa festividade celébrase a finais de maio ou principios de xuño.

Os devotos pídenlle ó santo que lles conceda a curación das doenzas da pel, como poden ser eccemas...; tamén se encomendan por doenzas de tipo reumático.

Entre as promesas máis específicas sinalo as seguintes:

1ª. No día da festividade, oficiáase unha misa solemne a unha da tarde.

2ª. Logo sae a procesión que percorre o perímetro do santuario. Nela participan as imaxes da Virxe de Fátima, do Carme e do S. Benito, que son levadas en andas por fregueses da parroquia e devotos ofrecidos, de ámbolos dous sexos.

3ª. Un fregués da parroquia impón o santo por riba da cabeza dos devotos, mentres recita a seguinte xaculatoria:

" Cristo viva, Cristo reine, Cristo te libre de todo mal. Amén".

4ª. No transcurso do ano, o crego da freguesía, onde está situado o santuario, ten que celebrar algunhas misas nese recinto sagrado.

5ª. A esmola en metálico, que é a ofrenda máis empregada.

6ª. Algunhas candeas, e tamén exvotos de cera, representando o corpo humano e algunhas das súas partes:pés, mans, brazos, pernas...^{xix}.

III. O SANTUARIO DO S. BERNABÉ.

Está emprazado no lugar de Chaín, parroquia de Paradavella. A súa festividade celébrase o día once de xuño.

Os devotos préganlle ó santo a súa intercesión ante doenzas humanas e de animais.

Entre as promesas máis específicas sinalo as seguintes:

1ª. No día da festividade, oficiáase unha misa solemne a unha media da tarde.

2ª. Despois da misa solemne sae en procesión o S. Bernabé, levado en andas por devotos da freguesía. Hai anos levaban algunhas vacas na procesión.

3ª. Un fregués da parroquia impón o santo por riba da cabeza dos devotos, mentres recita a seguinte xaculatoria:

" Cristo viva, Cristo reine, Cristo te libre de todo mal. Amén".

4ª. Algunhas misas, que o crego, encargado do santuario, oficia no transcurso do ano.

5ª. A esmola en metálico, que é a ofrenda máis utilizada.

6ª. Algúns exvotos de cera, que representan corpos humanos e de animais.

Outras festas importantes son o vinteno de xuño, o S. Pedro, en Trobo e Fito. O xoves do Corpus, en Burón e Monteseiro. O dezaseis de xullo, a Virxe do Carme, en Burón e Lamas de Moreira. O cinco de agosto, as Neves, en Maderne. O dezaseis de agosto, o S. Roque, en Neiro e Lamas de Campos. O vinteito de agosto, o Degollado, en Cuiña e Padrón. A principios de setembro, festas patronais na vila da Fonsagrada ^{xx}.

Finalmente neste concello hai bastantes ermidas e capelas, sinalando, entre outras, as seguintes: Arquide(1), Braña (2), Carracedo (3), Cuiñas (4), Ferreiros (5), Gromaz (6), Gulpilleiras (7), Lamas de Moreira (8), Liñares (9), Louteiro (10), Mazaeda (11), Mourisco (12), Noceda (13), Robledo (14), Vilaframil (15), Vilagudel (16), Vilarmeán (17), Vilarchao (18), Vilamaior (19) ^{xxi} ^{xxii}.

i.- PRAT I CAROS, Joan.: "Los Santuarios Marianos en Cataluña:una aproximación desde la etnografía".

La Religiosidad Popular,III. Hermandades, Romerías, Santuarios. Anthropos. Barcelona. 1989, p. 227.

ii.- VALIÑA SAMPEDRO, Elías.: *Inventario Artístico de Lugo y su provincia. Ministerio de Cultura. Centro Nacional de Información Artística y Arqueológica. Madrid. 1980, pp. 154-155.*

iii.- Informante de Ferreira (O Freixo).

iv.- NOVO GUIZÁN, J.M., e MARTÍNEZ ARIAS, Luz María.: *San Martín Castelo (Viveiro-Lugo). Un pasaje de la Medicina Popular de Galicia. Seminario Publicaciones Diputación Provincial. Lugo. 1987, p. 28.*

v.- RISCO, V.: "Etnografía. Cultura Espiritual". *En Historia de Galiza dirigida por Otero Pedrayo. Ed. Akal. Madrid. 1979. T.I, p. 410.*

vi.- Informante do Freixo (A Fonsagrada).

vii.- MOREIRAS SANTISO, Xosé.: "A relixiosidade popular no sector rural". *En Rev. Encrucillada, nº 9. Ed. Sept. Vigo. 1978, p. 64.*

viii.- WILLIAM CRISTHIAN, A.Jr.: *Religiosidad popular. Estudio antropológico en un valle español. Madrid. Tecnos. 1978, p. 134.*

ix.- FRAGUAS, Antonio.: *Romerías e Santuarios. Biblioteca Básica da Cultura Galega. Galaxia. Vigo. 1988, p. 8.*

x.- GONDAR PORTASANY, Marcial.: "Racionalidad campesina y Relativismo cultural". *En Antropología y Racionalidad. Ed. Sálvora. Santiago. 1980, p. 60.*

GONDAR PORTASANY, Marcial.: *Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmos e nós-outros. Biblioteca a Nosa Terra. Nós os Galegos. Edicións a Nosa Terra. Vigo. 1993, p.155.*

xi.- MARIÑO FERRO, Xosé Ramón.: *Las Romerías/Peregrinaciones y sus símbolos. Ed. Xerais de Galicia. Vigo. 1987, p. 175.*

xii.- ELIDADE, Mircea.: *Tratado de Historia de las Religiones. Instituto de Estudios Políticos. Madrid. 1954, p. 195.*

xiii.- ELIADE, Mircea.: *Lo sagrado y lo profano. Col. Guadarrama. Ed. Labor. Barcelona. 1967, p. 112.*

xiv.- Informe do crego, encargado do santuario.

xv.- BECOÑA, Elisardo.: *Medicina Popular. Ed. Ir Indo. Vigo. 1989, p. 56.*

xvi.- FRAZER, J.G.: *La rama dorada. Ed. F.C.E. México. 1969, p. 41.*

xvii.- BLANCO PRADO, José Manuel.: *Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses. Servicio Publicacións Deputación Provincial de Lugo. 1996, pp. 47-48.*

xviii.- Algún informe sobre este santuario foi debido a José López López, veciño de Robledo, parroquia de Vega de Logares (A Fonsagrada).

xix.- Algún informe sobre este santuario débese a Rosa Martínez Díaz de S. Pedro de Neiro (A Fonsagrada).

xx.- GRANDE, Antón.: *Rutas de Lugo. Fonsagrada. Diario "El Progreso" de Lugo y provincia, 6 de junio de 1993.*

xxi.- FÉRNANDEZ PULPEIRO, Juan Carlos.: *Lugo y su provincia. Reseña General. Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial de Lugo, p. 57.*

xxii.- Os mapas fixoos o delineante D. José Cancio Fernández, utilizando como modelos o da G. Enciclopedia Galega, e o do artigo "S. Martín Castelo (Viveiro-Lugo)", publicado por J. Miguel Novo Guizán e Luz María Martínez Arias.